

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DECRETO 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia.

A mellora da calidade de vida de toda a poboación, e especialmente das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación, así como a salvagarda dos dereitos das citadas persoas, son piares básicos da actuación pública co obxectivo de favorecer e avanzar na autonomía persoal desinstitucionalizada e garantir a non discriminación nunha sociedade plenamente inclusiva. Neste sentido cómpre sinalar que son varias as disposicións legais que se ditaron co fin de acadar este obxectivo, quedando refundidas no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e incluíndo, de acordo co principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, como ámbito de actuación a promoción da mobilidade destas persoas de xeito que lles permita unha plena participación en igualdade de oportunidade.

Coa publicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, regúlanse as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e da atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas. A lei configura un dereito subxectivo que se fundamenta nos principios de universalidade, equidade e accesibilidade, desenvolvendo un modelo de atención integral ao cidadán, e establecendo un nivel mínimo garantido, un nivel acordado coas comunidades autónomas e un nivel propio que poderán establecer as ditas comunidades.

Neste sentido, a Constitución española establece, no seu artigo 10, que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece, se interpretarán de conformidade coa Declaración universal de dereitos humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España. Para tal efecto cabe mencionar a Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español e vixente desde o 3 de maio de 2008, que defende e garante os dereitos das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida, educación, saúde, traballo, cultura, ocio, participación



social e económica, amosando no artigo 9 a accesibilidade coma un elemento transversal de cada un dos ámbitos, e establecendo que co fin de que as persoas con discapacidade poidan vivir de xeito independente e participar plenamente en todos os aspectos da vida, os Estados parte adoptarán as medidas pertinentes para asegurar o acceso das persoas con discapacidade en igualdade de condicións coas demais, ao contorno físico, ao transporte, á información, e ás comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, e a outros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais.

O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle aos poderes públicos de Galicia, no seu artigo 4.2, a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Comunidade Autónoma, en virtude da competencia exclusiva que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de servizos sociais.

A citada lei establece no seu artigo 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, no seu artigo 4, como un dos principios xerais dos servizos sociais, os de autonomía persoal e a vida independente.

Neste contexto, e mediante o Decreto 195/2007, do 13 de setembro, régúlase o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia. Tendo en conta os resultados e a experiencia acadada desde o establecemento do dito servizo así como tamén os novos e necesarios escenarios de racionalización e eficacia na xestión, constátase a necesidade dunha nova regulación que mellore tanto cuantitativamente como cualitativamente a prestación do servizo e se organice e planifique mellor a prestación deste, e así mesmo se establezan os requisitos da condición de usuario/a así como a xestión, organización e utilización do servizo para adaptarse aos cambios normativos que se fixeron en materia de dependencia.

A necesidade dunha nova regulación responde tamén á finalidade de mellorar con criterios de eficacia e eficiencia a prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, procurando contribuír a cubrir as necesidades básicas de desprazamento das persoas con



discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilización do transporte público colectivo motivada pola súa situación de discapacidade ou dependencia, e establecendo novas prioridades, tendo en conta que se trata dun servizo dirixido a desprazamentos programados e non urxentes e con carácter non regular.

Así mesmo, sinalar que o transporte adaptado na súa modalidade regular queda excluído do ámbito de actuación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, pasando a rexerse polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Este decreto consta de quince artigos, distribuídos en catro capítulos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No capítulo I, establécese o obxecto e ámbito de aplicación desta norma, os requisitos para poder ser persoas usuarias, así como o catálogo de prestacións e as prioridades.

No capítulo II, regúlase o procedemento, o recoñecemento e a perda da condición de usuario/a.

No capítulo III, regúlase a organización e a utilización do servizo.

No capítulo IV, establécese o control da prestación e as obrigas da persoa usuaria.

En consecuencia, a proposta da conselleira de Traballo e Benestar, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co Consello Consultivo e co Consello Galego de Benestar, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de xullo de dous mil catorce,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Este decreto ten por obxecto a regulación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia



(SGAMP) que teñan recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo motivada pola súa situación de discapacidade ou dependencia, a definición da súa natureza e características, así como a determinación dos requisitos e do procedemento que permitan o acceso á prestación do servizo.

2. Quedan excluídos do sistema de transporte regulado na presente norma os traslados que con carácter regular se realicen a calquera tipo de centro para recibir servizos de carácter permanente en tanto que este tipo de traslados regulares están comprendidos no ámbito de aplicación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, é polo tanto, para o réxime do servizo de transporte adaptado na súa modalidade regular haberá que aterse ao disposto no dito decreto.

3. O ámbito territorial de aplicación do presente decreto é a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Natureza do servizo de transporte adaptado prestado polo Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia*

Para os efectos deste decreto, o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia regulado no presente decreto, ten a consideración de servizo de transporte adaptado programado e non urxente para a prestación de servizos puntuais.

Artigo 3. *Persoas usuarias*

1. Poderán ser usuarios/as do servizo as persoas residentes en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade. A imposibilidade de utilización do transporte público colectivo determinarase aplicando os criterios establecidos no anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

b) Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos conforme a normativa que sexa de aplicación ou ter recoñecido, conforme a normativa aplicable, un grao de discapacidade igual o superior ao 75 %.



Excepcionalmente poderán obter a condición de persoa usuaria aquelas persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % e inferior ao 75 %, sempre que se acredite a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado e así conste no informe social unificado.

2. Sen prexuízo do recoñecemento anterior, o acceso ás prestacións do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal estará condicionado a que as necesidades de transporte non poidan ser cubertas de xeito satisfactorio polo medios convencionais de transporte público de uso xeral, unha vez que se incorporen a estes os sistemas de adaptación precisos.

3. O recoñecemento da condición de usuario/a do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, efectuarase trala tramitación do procedemento previsto no capítulo II deste decreto.

Artigo 4. *Finalidade*

O servizo regulado no presente decreto ten como finalidade:

a) Poñer á disposición das persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade.

b) Favorecer o acceso, en condicións de igualdade efectiva, ás persoas con discapacidade e/ou ás persoas en situación de dependencia aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal así como a súa participación no contorno habitual.

Artigo 5. *Prestacións e prioridades*

1. A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia procurará cubrir as necesidades de desprazamento das persoas que teñan recoñecida a condición de usuarias do servizo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa orde de prioridades establecida nos puntos seguintes.

2. Terán carácter prioritario, pola orde que se indica, os servizos demandados para:

a) Acudir a consultas médicas do sistema público e concertado ou das mutualidades de funcionarios públicos, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario, e sempre que exista unha confirmación de cita previa para acudir á consulta, para o cal o



órgano competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia poderá realizar as comprobacións previas oportunas.

b) Traslados aos centros asistenciais do sistema galego de servizos sociais que prestando servizo de aloxamento, de carácter permanente ou temporal, non dispoñan de servizo de transporte, e prioritariamente aos que contan con financiamento público.

c) Acudir a programas ou actividades que se presten prioritariamente en centros do sistema galego de servizos sociais que contan con financiamento público, e que non dispoñan de servizo de transporte.

d) Asistir a actividades de carácter educativo e formativo que favorezan a integración laboral e a promoción da autonomía persoal, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema público educativo.

e) Asistir a actividades relacionadas co coidado persoal, tanto a nivel terapéutico como rehabilitador.

3. Sempre que estean cubertas as prioridades establecidas no punto 2 do presente artigo, e exista dispoñibilidade de medios, poderanse prestar servizos para as seguintes actividades, e pola seguinte orde de prioridade:

a) Realizar xestións de carácter legal e/ou administrativo.

b) Asistir a actividades de carácter cultural, deportivas e/ou sociais.

4. A intensidade de uso que unha persoa usuaria faga do servizo formará parte da orde de prioridades á hora de conceder o servizo, polo que a persoa titular da consellería competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia, co obxecto de que poidan facer uso deste servizo o maior número de persoas, poderá fixar unha intensidade máxima de uso por persoa a partir da cal se priorizarían a aquelas persoas usuarias que non acadaran a dita intensidade.

5. Os desprazamentos desenvolveranse, con carácter xeral, no espazo de convivencia e relación social máis próximo e necesario para o desenvolvemento persoal e social das persoas usuarias, salvo casos excepcionais que deberán ser obxecto dunha autorización específica polo órgano superior ao que lle correspondan as competencias en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia. Reglamentariamente determinaranse os supostos nos que deba existir a autorización previa.



6. As prioridades na prestación do servizo establecidas neste artigo poderán ser modificadas pola persoa titular da consellería competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia coa finalidade de adaptar á demanda as dispoñibilidades de medios para a súa prestación.

7. Excepcionalmente, e logo de autorización do órgano superior competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia, as persoas usuarias poderán ir acompañadas dun familiar ou persoa responsable do seu coidado, cando a idade ou situación da persoa usuaria así o requira pola existencia de circunstancias físicas, sensoriais, cognitivas ou psíquicas que causan incapacidade de relación ou de comunicación; esta necesidade deberá estar recollida, se é o caso, no informe social unificado ao que se refire o artigo 7 deste decreto, ou acreditarse a través de informe complementario.

CAPÍTULO II

Procedemento, recoñecemento e perda da condición de usuario/a

Artigo 6. *Iniciación do procedemento e presentación da solicitude*

O procedemento para recoñecer a condición de usuario/a do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, iniciarase por solicitude da persoa interesada ou de quen a represente legalmente. As solicitudes, que poderán presentarse en calquera momento, formalizaranse no modelo normalizado do anexo I desta norma e dirixiranse á xefatura territorial da consellería con competencia en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia, correspondente á provincia na cal a persoa solicitante teña a súa residencia.

2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de



réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folia do formulario.

3. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

4. O procedemento para o recoñecemento da condición de usuario/a será o establecido no capítulo II do presente decreto e con carácter supletorio no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Documentación*

1. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante e certificado de empareamento, só no caso de que non dea o seu consentimento para que o órgano instrutor comprobe os seus datos de carácter persoal por medio de conexión telemática co servizo horizontal de acceso aos sistemas de verificación de datos de identidade e de residencia do Ministerio da Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto nos artigos 2.2 e 3.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

b) Cando a persoa solicitante sexa menor de idade e non estea en posesión do DNI, copia compulsada do libro de familia, na que se inclúa a folia na que apareza o nome do/a beneficiario/a.

c) Certificación da discapacidade ou do grao e nivel de dependencia, se é o caso, só cando non sexa expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia.



d) Se é o caso, acreditación documental da representación que se ten da persoa que formula a solicitude, e copia compulsada do documento identificativo (DNI/NIE) da persoa representante, salvo que no escrito de solicitude se autorice a esta Administración para a comprobación da súa identidade de conformidade co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta o emprego de medios electrónicos.

2. A persoa solicitante poderá prestar o seu consentimento para que o órgano instrutor comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia, por medio de conexión telemática co servizo horizontal de acceso aos sistemas de verificación de datos de identidade e de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (de acordo co disposto nos artigos 2.2 e 3.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos). Para eses efectos, a persoa solicitante deberá cubrir a autorización que figura no modelo normalizado de solicitude. No caso de non prestar o seu consentimento, deberá presentar fotocopia compulsada do documento nacional de identidade e do certificado de empadramento.

3. Non será necesario achegar a documentación que conste en poder da Administración ou aquela á que de oficio esta poida acceder, conforme o disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, que desenvolve a Orde do 7 de xullo de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público de Galicia. Deste xeito, a resolución ou certificación de recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia só se terá que achegar coa documentación cando fose recoñecida por outra comunidade autónoma.

No que atinxe ao recoñecemento da imposibilidade de utilizar o transporte público, a Administración comprobará de oficio se tal circunstancia consta na resolución ou certificación de recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia; de non ser así, dará traslado á unidade de valoración da dependencia ou ao equipo de valoración, para os efectos correspondentes.

Do mesmo xeito, e respecto do informe social unificado relativo á persoa solicitante no que se describan as circunstancias da necesidade da utilización do transporte adaptado, segundo o modelo establecido pola Orde do 1 de abril de 2013 da Consellería de Traballo



e Benestar, e de acordo co disposto no artigo 3 da dita orde, non será necesario presentalo cando non transcorresen máis de dous anos desde a última vez en que se incorporase un informe idéntico a algún dos procedementos referidos na dita orde, e sempre que non se producise unha variación das circunstancias descritas no informe social orixinario. Neste suposto, será a unidade tramitadora quen deberá reclamar o informe social á unidade administrativa que corresponda.

Artigo 8. *Emenda de solicitude*

Unha vez examinada a solicitude presentada ante a xefatura territorial da conselleira competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia, se esta non está debidamente cuberta ou non se achegase a documentación necesaria, segundo se establece no artigo 7 deste decreto, a xefatura territorial requiriralle á persoa interesada para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación do requirimento, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistida da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

Artigo 9. *Instrución*

1. As solicitudes tramitaranse por orde de entrada.

2. Unha vez completado o expediente ou transcorrido o prazo máximo para a súa emenda, a xefatura territorial, no prazo máximo de 5 días, remitirá o expediente completo ao órgano de dirección con competencia en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia.

3. A Subdirección Xeral de Promoción de Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, á vista do expediente remitido, emitirá proposta de resolución.

Artigo 10. *Resolución de recoñecemento da condición de usuario/a*

1. Será competente para ditar a resolución do recoñecemento da condición de usuario/a do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, a persoa titular do órgano superior ao que lle co-



respondan as competencias en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia. A resolución non esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. O prazo de resolución do procedemento será de cinco meses desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido o devandito prazo sen que fose notificada resolución expresa, o/a solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. O recoñecemento da condición de usuario/a non implica o dereito á prestación dos servizos demandados pola persoa usuaria, que se concederán en función das prioridades establecidas neste decreto, dos medios existentes e da dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 11. Perda da condición de usuario/a do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia

1. A condición de usuario/a do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, así como os beneficios inherentes a esta condición, perderanse por calquera das seguintes causas:

a) Por deixar de cumprir os requisitos recollidos no artigo 3, en virtude da resolución do órgano competente para o recoñecemento da condición de usuario/a, respectando o preceptivo trámite de audiencia.

b) Por vontade da persoa usuaria, manifestada por ela mesma ou por medio de quen o represente legalmente, en virtude da resolución do órgano competente para o recoñecemento da condición de usuario/a.

c) Por falsidade nos datos presentados para obter á condición de usuario/a do servizo, sen prexuízo das responsabilidades penais ou administrativas que procedan, en virtude da resolución do órgano competente para o recoñecemento da condición de usuario/a, respectando o preceptivo trámite de audiencia.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, poderase solicitar un novo recoñecemento da condición de usuario/a, segundo o procedemento establecido, e sempre que se cumpran os requisitos recollidos neste decreto.



CAPÍTULO III

Organización e utilización do servizo

Artigo 12. *Prestación do servizo*

A realización efectiva da prestación do servizo regulado no presente decreto poderá ser efectuada directamente pola Administración xeral autonómica, a través dos seus propios medios, ou ben indirectamente, a través das modalidades establecidas na lexislación de contratos das administracións públicas.

Artigo 13. *Xestión e utilización do servizo*

1. A prestación do servizo axustarase aos principios de eficacia e eficiencia e, acomodarse, na medida do posible, á demanda de desprazamento do/a usuario/a, de xeito que na determinación dos itinerarios se procure acadar a maior rendibilidade e dimensionamento dos medios empregados nos termos previstos no número 5 deste artigo.

2. Regulamentariamente establecerase o período mínimo de antelación co que os/as usuarios/as deben solicitar a prestación do servizo ao órgano competente, así como tamén o período mínimo para comunicar a anulación do servizo concedido.

3. A antelación coa que deba realizarse a comunicación ao/á usuario/a solicitante da prestación do servizo ou a imposibilidade de realizalo de acordo coa natureza do servizo demandado, será establecida regulamentariamente.

4. O órgano administrativo competente na xestión do servizo analizará e priorizará as peticións do servizo recibidas, en función dos criterios establecidos no artigo 5 deste decreto, dando prioridade, de tratarse do mesmo servizo, ás peticións de servizo realizadas pola súa orde de entrada.

5. Dentro do posible, na organización do servizo e de acordo cos condicionamentos e características da zona, procurarase o traslado do maior número de usuarios/as e de que prime sempre a seguranza, comodidade e rapidez nos traslados.

CAPÍTULO IV

Control da prestación e da persoa usuaria

Artigo 14. *Control da prestación*

A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, así como tamén as persoas usuarias deste, estarán suxeitos ao cumprimento do disposto na Lei 13/2008, do 3 de



decembro, de servizos sociais de Galicia, e especificamente á inspección e réxime sancionador en materia de servizos sociais, de conformidade co establecido nos títulos VIII e IX, así como ao réxime sancionador das persoas usuarias dos servizos sociais establecidos no título X da devandita lei.

Artigo 15. Obrigas da persoa usuaria

As obrigas da persoa usuaria serán as seguintes:

1. Colaborar coa Administración para garantir unha axeitada e eficaz prestación do servizo, e de xeito fundamental cumprir cos prazos que regulamentariamente se establezan ao respecto das comunicacións de anulacións de servizos solicitados e confirmados.

2. Facilitarlles aos órganos competentes toda a información que resulte necesaria para asegurar o cumprimento da finalidade da prestación e a continuidade das condicións de acceso ao servizo, así como comunicar os cambios de circunstancias familiares ou sociais que puidesen resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción do servizo.

Disposición adicional primeira. Dispoñibilidade orzamentaria

A prestación dos servizos previstos neste decreto supeditarase ás dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada momento.

Disposición adicional segunda. Encomenda da xestión do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia

A Administración xeral autonómica poderá encomendar a unha entidade pública instrumental dependente dela a xestión do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Disposición adicional terceira. Desprazamento

A efectos desta norma enténdese por desprazamento o traslado desde un punto orixe a un punto destino. No caso de realizarse un servizo con ida e volta considerarase que se realizaron dous desprazamentos.

Disposición transitoria única. Recoñecemento da condición de persoa usuaria

Ás persoas que, con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, teñan recoñecida a condición de usuarios, non lles serán de aplicación os requisitos para obter a condición de usuario/a establecidos no artigo 3 deste decreto.



Disposición derogatoria única

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto no presente decreto.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

O Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.

A Orde do 9 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes e se aproba o Catálogo de prestacións do servizo, en canto se opoña ao establecido no presente decreto.

3. As referencias contidas en normas vixentes ás disposicións que se derrogan expresamente deberán entenderse efectuadas ás disposicións deste decreto que regulan a mesma materia que aquelas.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de atención as persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e catro de xullo de dous mil catorce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar





ANEXO I

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO RECOÑECEMENTO DA CONDICIÓ DE USUARIO/A DO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS660A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

RELACIÓN CO SOLICITANTE
 PAI NAI REPRESENTANTE LEGAL PERSOA ENCARGADA DA PERSOA INTERESADA

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN

| | PRESENTADO | CÓD. PROC. | EXPTE. | ANO |
|---|--------------------------|------------|--------|-----|
| <input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade. | <input type="checkbox"/> | | | |
| <input type="checkbox"/> Certificación de empadramento, só no caso de non autorizar a consulta no Sistema de verificación de datos de residencia. | <input type="checkbox"/> | | | |
| <input type="checkbox"/> Copia do libro de familia, cando a persoa solicitante sexa menos de idade e non posúa DNI. | <input type="checkbox"/> | | | |
| <input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado do recoñecemento do grao de discapacidade ou do grao e nivel de dependencia. | <input type="checkbox"/> | | | |

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade cos artigos 35 letra f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non trascorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente).

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de residencia do solicitante no sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente).

CVE-DOG: zuzvrmq06-qmq5-h0o0-7zy6-2ot6krodia9h7





ANEXO I
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 99/2014, do 24 dexullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar en

CVE-DOG: zuzvrmq06-qnq5-h0o0-7zy6-2ot6krodia9h7

